

# XXXV FEIRA DO VIÑO QUIROGA

15-16  
ABRIL  
2017

QUIROGA, CONCELLO DE INTERESE TURÍSTICO



CONCELLO DE  
QUIROGA



XUNTA  
DE GALICIA



Real Banda de Gaitas  
da Deputación de Ourense



FEIRA do VIÑO  
de QUIROGA

PROXECTO COUREL  
MOUNTAINS GEOPARK



FEIRA do VIÑO  
de QUIROGA



CONCELLO DE  
QUIROGA

PROXECTO COUREL  
MOUNTAINS GEOPARK

## Saúda do alcalde

*Un ano máis, Quiroga abre as súas portas para recibir os milleiros de visitantes que se reunirán aquí con motivo da Feira do Viño que este ano celebra a súa trixésimo quinta edición.*

*Tarefa difícil é expresar en palabras a enorme satisfacción que sinto por presidir a Comisión Organizadora deste evento que ano tras ano foi medrando ata transcender o obxectivo primeiro de exaltación do viño para converterse no mellor foro expositivo do noso concello.*

*Lonxe quedan os moitos anos de traballo e esforzo dos colleiteiros e artesáns do viño e tamén dos veciños e veciñas de Quiroga, que co seu labor e apoio, consolidaron este certame como referente e cita ineludíbel de tales feiras en Galicia.*

*No capítulo de agradecementos, gustaríame recoñecer e aplaudir o apoio da administración autonómica que fai posible que o programa de actos poida renovarse con actos tan destacados como o Encontro Infantil do Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas.*

*Soamente me resta convidalos á Feira do Viño de Quiroga e tamén recomendarlles que aproveiten para coñecer os innumerables atractivos turísticos e gastronómicos así como a amabilidade e hospitalidade das xentes deste Concello, do que teño a honra de ser alcalde.*

*Lembren que se veñen, volverán, porque Quiroga sorprende.*

*Boa Feira a todos!*

Julio Álvarez Núñez  
Alcalde

## Comisión organizadora

**Presidente de Honor**

D. Julio Álvarez Núñez

Dña. Ana M<sup>a</sup> Núñez García

Dña. M<sup>a</sup> Dolores Sánchez Durán

D. José Ángel Rodríguez Raposo

D. Andrés Novoa Arza

D. José Enríquez Álvarez

D. José Luis Rivera Castro

Dña. Rosa M<sup>a</sup> Arza Rodríguez

## Colleiteiros

ANTONIO GARCÍA ÁLVAREZ

SAN XULIÁN DE ABAIXO

ÁLVARO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

A TOCA

GASPAR ÁLVAREZ NOGUEIRA

AS MEDAS

ELÍAS GONZÁLEZ MOURELO

CARBALLO DE HOSPITAL

ANTONIO VÁZQUEZ LÓPEZ

SAN XULIÁN DE ABAIXO

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ LAGO

SAN XULIÁN DE ABAIXO

MARÍA OLIVA CAO EXPÓSITO

BENDOLLO

ALFONSO NÚÑEZ CALVO

NOVAES

SECUNDINO RGUEZ. SOBRINO

TOUCEDO

## Programa de actos da XXXV Feira do Viño de Quiroga

### DÍA 31 DE MARZO

Inauguración Exposición de Pintura dos traballos dos alumnos e alumnas dos cursos de pintura da Asoc. Cultural da "Comarca de Quiroga" e do Concello de Ribas de Sil na sala de exposicións "Manuel María". Colabora Concello de Quiroga.

### DÍA 1 DE ABRIL

Cata dos viños participantes na Feira do Viño

-As 12:30 h. **Desfile dos membros da Confraría do Viño de Quiroga** dende o Concello ata o Museo Etnográfico.

-As 13:00 h. **Acto oficial de cata na sala de catas do Museo Etnográfico** de Quiroga.

### DO DÍA 6 AO 14 DE ABRIL

VI concurso "Quiroga de Tapas". Org. Área de Xuventude.

### DO 10 AO 13 DE ABRIL

VI Trofeo fútbol sala "Feira do Viño". Org. Área de Deportes.

### VENRES, DÍA 14 DE ABRIL

A partir das 17:00 h. XIII Carreira popular "Feira do Viño". Org. Área de Deportes do Concello de Quiroga.

### SÁBADO, DÍA 15 DE ABRIL

Exposición de Pintura dos traballos dos alumnos e alumnas dos cursos de pintura da Asoc. Cultural da "Comarca de Quiroga" e do Concello de Ribas de Sil na sala de exposicións "Manuel María". Colabora Concello de Quiroga.

VII Concurso de camisetas "Feira do Viño". Org. Área de Xuventude.

As 11:45 h. Inauguración do recinto feiral a cargo de D. Xosé Lois Foxo Rivas, Director e fundador da Escola de Gaitas e da Real Banda de Gaitas da Excma. Deputación Provincial de Ourense.

As 12:00 h. Encontro Infantil do Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Cultura.

-Desfile de Bandas pola Rúa Real.

-Actuación das Bandas na Praza de España.

As 17:00 h. Actuacións polo recinto da feira da Banda de Gaitas "San Martiño" e do Grupo de Música Tradicional "Os Palletas".

As 18:15 h. Recepción de autoridades no Museo Etnográfico.

As 18:30 h. no Auditorio Municipal:

-Actuacións musicais:

-Coral Polifónica de Quiroga

-Banda de gaitas "San Martiño"

-Grupos de danza "San Martiño" e "Arume da Queiruga"

-Entrega de premios XIII Certame "Cartas de Amor Vila de Quiroga" convocado pola Área de Xuventude.

As 20:30 h. Pregón no palco, a cargo da actriz Eva Isanta Foncuberta, (Maite Figueroa, "La Cuqui" na serie de Telecinco "La que se avecina").

Presentará o acto o xornalista Xosé Manuel Orriols.

As 21:00 h. Festa popular co grupo "Atenas".

As 21:15 h. Entrega de premios do VII Concurso de Camisetas "Feira do Viño" no palco.

### DOMINGO, DÍA 16 DE ABRIL

Exposición de Pintura dos traballos dos alumnos e alumnas dos cursos de pintura da Asoc. Cultural da "Comarca de Quiroga" e do Concello de Ribas de Sil na sala de exposicións "Manuel María". Colabora Concello de Quiroga.

As 12:00 h. Alborada e animación do recinto a cargo do Grupo de Gaitas "Os do Recanto".

As 12:30 h. Recepción das autoridades no Concello.

As 12:45 h. Entrega Trofeos aos colleiteiros no Concello.

As 18:00 h. Actuación da Charanga "Europa" no recinto da feira.